

Carmen a da bandeira

Carmen Rei Freijanes veu ao mundo en 1925 en Ponte Sampaio, pero iso non lle importa moito. De feito, non o soubo até cando foi adulta e preguntou a un cura para o que traballaba se lle podía consultar a súa data de nacemento.

A súa nai era Pilara Rei Freijanes, nai solteira da que herdou tanto os apelidos como o alcume de “Casqueira”. De seu pai Manolo, de Viana do Castelo, quedoulle só a ausencia e unha enorme querenza por Portugal e tamén polo viño do Porto.

Carmen non coñeceu a escola e pronto tivo que se incorporar ao traballo para contribuír á economía familiar, sostida por Pilara e polas achegas dos seus fillos e fillas. “Desde os nove anos traballando *mar y tierra*”, forxou un carácter duro e decidido que a axudou sen dúbida a afrontar o tempo da fame e a precariedade que lle tocou vivir, nun contexto de ditadura, sendo muller e de clase social baixa. Sufriu ademais de moi nova a represión e o falecemento do seu tío Eulogio Rei Freijanes, co que ela gardaba moi boa relación, case como se fora un outro irmán, e que foi preso e morto no Lazareto de San Simón.



Co tempo, Carmen formou o seu propio núcleo familiar, tendo tres descendentes como solteira e un dentro do matrimonio con Feliciano Alonso Lemos, con quen casou con 37 anos. Lembra vagamente que estivera prometida co pai do seu primeiro fillo mais que se enfadaron e deixaron a relación quedando ela soa ao coitado do rapaz.

Rotunda no seu falar, non treme ao dicir que a súa vida foi “moi moi dura” pero que a levou adiante cunha forza enorme, asumindo o peso de toda a familia, tanto de solteira como de casada, xa que o home enfermou sendo novo e non volveu traballar na vida, quedando ela ao cargo do peso do fogar.

“Eu dediqueime ao xornal e ao mar, nada máis, e non me dá vergonza dicilo [...] Chegamos a ir ás piñas aos piñeirais para vender, para ter que comer”.

As súas principais actividades, o marisqueo e o xornal, eran de grande esforzo físico e xornadas de traballo longas así como pouco recoñecidas, relegadas á esfera das ocupacións de subsistencia, sen control, regulamentación ou recoñecemento legal de tipo ningún. Así conta como traballou en varias casas ao xornal, na dun cura, na que entre outras cousas cargaba bagazo ao lombo para facer a augardente, ou nas casas terratenentes de Ponte Sampaio, onde ademais de traballar as terras debía facer calquera outra tarefa que lle fose solicitada, como lavar a roupa ou atender o gando.

Á dureza do traballo sumábase a propia da vida naquela altura, con poucos recursos e escaseza: “Eu saía do xornal moi noite, moi noite, moi noite e andaba buscando as pociñas onde mexaba o gando, dispensando, para lavar os meus peciños, para traelos limpos para a casa, para despois non chegar á casa e quen- tar auga para me lavar... que antes non había como hai agora”.

Agora, xa de pelo cano, recoñece entre risos que a xente dicía dela que “era o demo”. Pero en realidade tratábase dunha supervivente, disposta a facer renun- cias pola súa familia, ao sacrificio sen méritos, sen heroicidades, mais si con determinación e afouteza. De feito, relata como nunha das casas ás que ía ao xor- nal había “pan con queso ou chorizo” de merenda, que ela daba aos seus fillos mentres “miraba ao ceo” para ver se “lle caía algo”.

“NON MIRE PARA MIN QUE NON SON DE MARÍN”

Para ela o medio natural era todo, o seu recurso principal de vida, polo tanto cal- quera agresión ao medio era unha agresión a si mesma. E así foi como sentiu o proceso de dragado de area do río Verdugo en 1965. Un roubo do leito do río para a construción de Vigo, que levaba no medio tamén a cría do marisco que ela apañaba con pericia.



Disposta a non permitir tal ataque, Carmen, que por aquela volta tiña 43 anos, foi unha das cabezas visibles da loita por paralizalo así como a maior de todas as mulleres que participaron nas accións de protesta por este espolio.

A súa participación foi clave no devir do enfrontamento directo que mantiveron as mulleres de Ponte Sampaio e Arcade coa Garda Civil o 29 de outubro de 1965, día no que despois dunha longa loita conseguiron paralizar a actividade da draga. Así o recorda ela mesma:

“Primeiro fumos polo monte a pedradas a eles pero non lle alcanzabamos. Despois tratamos de ir para o puente e cando pasaban por debaixo, desde arriba, mandarlle pedras abaixo, pero non fixemos nada. Despois, puxémonos para botalos de verdá e veu a Ghuardía Civil: Un tira boi, outro tira vaca, un tira boi, outro tira vaca”.

Para desempatar, Carmen decidiu empregar unha arma que desmontaría o seu adversario; o símbolo de respecto do inimigo, a bandeira Franquista. Foi xunto con algunhas das mozas máis novas da parroquia á sede da Falanxe de Ponte Sampaio e conseguiu facerse coa bandeira que se gardaba alí, grande, falanxista, bordada, coidada e respectada. Carmen, seguida doutras mulleres e sobre todo nenas, apareceu coa bandeira na boca da ponte de Ponte Sampaio, lugar da protesta, deixando dunha peza tanto á veciñanza que ollaba o altercado como aos propios gardas civís, que inevitablemente, se tiveron que cadrar ante tal símbolo.

Un dos xefes intentou obrigala a tirar a bandeira, pero ela negouse ante o argumento devastador, de “se usted xurou ante esta bandeira, faga o favor de non tocarlle e saúdea”. Mantivo o tipo, ondeou a bandeira, fixo que “toreaba” aos gardas con ela, e provocounos coa frase “non mire para min que non son de Marín, que son de Puente Sampaio”.

A súa valentía e decisión foron unha inxección de moral para as mulleres de tal envergadura que as alentou a se manteren firmes ante os gardas e a sosteren batalla durante longas horas, a pedradas e fuxindo polo monte, tamén guiadas e apoiadas por Carmen.

Así foi como “Carmen a Casqueira” pasou a ser tamén coñecida como “Carmen a da bandeira”. Case 50 anos despois, ninguén esqueceu este episodio, nin a esta muller.

Grazas a Carmen Rei Freijanes por compartir a súa memoria e ser un exemplo de dignidade.